

Acta da Comisión Permanente celebrada o 14 de febreiro de 2012

Asistentes:

Allegue Aguete, Pilar
Arjones Giráldez, David
Barreiro Carril, M^a Cruz
Bergareche Gros, Almudena
Dávila Millán, Encarna
Domínguez Rubira, Carmen
Estévez Abelaira, Teresa
Estévez Fernández, Carina
Fernández Liza, Rocío
Guerrero Saco, Alejandro
Lizarralde Fernández, Alexander
López Prieto, M. Nieves
Martínez Hens, Helena
Martínez Yáñez, Nora
Pita Grandal, Ana María
Rodríguez Damián, Amparo
Rodríguez Domínguez, M^a del Mar
Ruiz Hidalgo, Carmen
Valcárcel Fernández, Patricia

Da comezo a reunión no despacho A-205 sendo as 11:15 h. coa seguinte orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior. (18 de novembro de 2011)
- 2.- Informes da Decana
- 3.- Aprobación, se procede, da admisión a trámite das solicitudes de avaliación curricular presentadas polos alumnos: GARCÍA LONGA, IVÁN; FERNÁNDEZ QUINTAS MARCO ANTONIO; VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, SILVIA, con indicación das súas respectivas Comisións específicas de avaliación.
- 4.- Aprobación, se procede, de recoñecemento de créditos de Libre Elección e Créditos ECTS por realización de cursos de formación presentadas por profesores das áreas de Dereito Laboral e Dereito Constitucional.
- 5.- Rolda aberta de intervencións

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior. (18 de novembro de 2011)

Apróbase a acta por asentimento.

2.- Informes da Decana

A Decana informa dos seguintes aspectos:

- a) O xoves 16 de febreiro celebrárase unha reunión á que están convocados os coordinadores/as de áreas xurídicas e Directores/as de Departamento de áreas con docencia no centro pero con sede noutras Facultades, para tratar cómo afrontar a elaboración da PDA para o vindeiro curso académico.
- b) Asimesmo, explica que a Vicerreitora de Profesorado xa lle comentou que nos centros onde non se aprobou a distribución da CDB, non se poderán sacar prazas de profesorado. Isto supón que non tiveron en conta o que no seu día se acordou na Xunta de Facultade respecto deste tema. Deste asunto tamén se tratará na reunión do xoves para saber se, no seu caso, a Xunta se ten que replantear a súa primeira decisión, logo de que a conxelación de prazas pode afectar directamente a diversos profesores da Facultade.
- c) Estase a elaborar unha normativa para a elaboración do TFG que será tamén comentada na citada reunión e que se levará á vindeira Xunta de Facultade para que, no seu caso, sexa aprobada.
- d) Da conta das reformas en infraestructuras que se fixeron, tales como as obras na Aula A1.
- e) Informa da reunión que mantivo co Vicerreitor de Economía e Planificación na que lle reiterou a petición de obras feita en outras ocasións para modificar a entrada da Facultade, as mesas da cafetería, ou a necesidade de reformar os tellados e terrazas da Facultade. O Vicerreitor comentou que non eran bos tempos, ao que a Decana respostou que se deberían cumprir os compromisos xa adquiridos previamente con este Centro, pois na meirande parte dos casos trátase de obras que este centro por sí mesmo non podería asumir.
- f) Anuncia que mañá terá unha reunión na Universidade de Santiago de Compostela cos Decanos de todas as Facultades de Dereito de Galicia para tratar o tema do Master de Acceso á Profesión de Procurador. A idea era facer un único Master Interuniversitario, e eso é o único que aceptará a Consellería, aínda que comenta que en Santiago tiveron unha actuación inapropiada ao someter na súa web a información pública a documentación do Máster facendo unicamente referencia a que é un Máster da Universidade de Santiago e deixando moi pouco

- g) tempo de manobra ao resto dos Centros implicados. Confía en que, finalmente, o tema se poida solucionar de forma axeitada.
- h) Informa de que o Ministro de Educación ven de facer unhas declaracións consonte as que se modificaría o período transitorio de aplicación da Lei de acceso ás profesións de avogado e procurador, e haberá que estudar cómo afecta aos alumnos

3.- Aprobación, se procede, da admisión a trámite das solicitudes de avaliación curricular presentadas polos alumnos: GARCÍA LONGA, IVÁN; FERNÁNDEZ QUINTAS MARCO ANTONIO; VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, SILVIA, con indicación das súas respectivas Comisións específicas de avaliación.

Revísanse as solicitudes avaliación curricular presentadas e acórdase por asentimento o seguinte:

- a) GARCÍA LONGA, IVÁN. Materia: “Dereito Penal II”, da licenciatura en Dereito (Rama económico-empresarial)
 - Admítese a trámite a solicitude
 - Noméase ao seguinte Comisión específica de avaliación:

Comisión Titular

Ana María Pita Grandal	Presidente
Fernando J. Lorenzo Merino	Profesor área 1
Noemi García Gestoso	Profesor área 2
Almudena Bergareche Gros	Profesor área 3
Jaime Cabeza Pereiro	Profesor área 4
Marta García Mosquera	Profesor área afectada
Vanesa Baña Castro	Estudiante

Comisión Suplente

	Presidente
Anxo Tato Plaza	Profesor área 1
	Profesor área 2
M ^a Antonia Arias Martínez	Profesor área 3
Carmen Ruiz Hidalgo	Profesor área 4
Javier de Vicente Remesal	Profesor área afectada
Alberto C. Blanco Gómez	Estudiante

b) FERNÁNDEZ QUINTAS MARCO ANTONIO

-Non admitir a trámite a solicitude.

Motivo: Non cumprir o motivo establecido no artigo 6.1 da Normativa de permanencia da Universidade de Vigo de *“ter consumido unha convocatoria da materia obxecto da solicitude nos últimos tres anos académicos na Universidade de Vigo”*.

c) VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, SILVIA

-Admítese a trámite a solicitude

-Noméase ao seguinte Comisión específica de avaliación:

Comisión Titular

Ana María Pita Grandal	Presidente
José Carlos Orge Míguez	Profesor área 1
Jaime Alonso Carrera	Profesor área 2
M ^a Antonia Arias Martínez	Profesor área 3
Encarna Dávila Millán	Profesor área 4
Jaime Cabeza Pereiro	Profesor área afectada
Rosa Barros Gato	Estudiante

Comisión Suplente

	Presidente
Pedro Bouso Cedrón	Profesor área 1
Gloria Caballero Fernández	Profesor área 2
Carmen Domínguez Rubira	Profesor área 3
	Profesor área 4
Belén Fernández Docampo	Profesor área afectada
Beatriz Berdullés Presa	Estudiante

4.- Aprobación, se procede, de recoñecemento de créditos de Libre Elección e Créditos ECTS por realización de cursos de formación presentadas por profesores das áreas de Dereito Laboral e Dereito Constitucional.

Presentáronse dúas solicitudes de recoñecementos de créditos, logo de analizalas a Comisión acorda por asentimento:

- a) Recoñecer 2 créditos de Libre Elección e 1 crédito ECTS aos alumnos da Facultade que asistan ás xornadas sobre “IX Xornadas Sociedade e Dereito: Derecho de sufragio, réximen electoral y partidos políticos: de la Constitución de Cádiz a nuestros días”, organizadas pola Área de Dereito Constitucional.
- b) Recoñecer 1 crédito ECTS aos alumnos da Facultade que asistan ao curso sobre “Empleo y conciliación de la vida personal, familiar y laboral en tiempos de crisis”, organizadas pola Área do Traballo e da Seguridade Social.

5.- Rolda aberta de intervencións

Pide a palabra o alumno Alexandre Lizarralde quen expresa a preocupación que existe entre os alumnos do Grao Relacións Laborais e Recursos Humanos por mor de que os créditos que á Comisión de Recoñecementos e Validacións pode recoñecerlles aos alumnos por ciclos formativos segundo a normativa aprobada consonte á proposta feita por ese Centro, está a permitir que aos alumnos de Dereito se lles recoñeza sempre o máximo, isto é 24 créditos, e non así aos alumnos do Grao Relacións Laborais e Recursos Humanos

A Xefa da Área Académica recorda que a normativa para estes recoñecementos para cada unha das titulacións impartidas na Facultade foi aprobada a partir da proposta feita desde o propio Centro

Logo de debatir o tema, a Decana solicita á Xefa da Área Académica que redacte unha proposta para que se poida modificar o que no seu día se propuxo para evitar esta diferenciación entre os alumnos dos dous Graos.

A Profesora Almudena Bergareche pide a palabra pois quere que conste en acta que ao seu entender a consideración feita pola Decana no punto de informes respecto da distribución da CDB expresando que se entendeu no Reitorado como unha pataleta, non foi tal, alomenos en determinados Departamentos a decisión de non facer a distribución da CDB foi fruto dunha decisión moi meditada, que en modo algún pode tacharse de pataleta. Considera que a Decana debe advertir que, en realidade, o que se está facendo dende a Vicerreitoría, e dar un ultimátum en forma de ameaza de non sacar prazas se non se fai a distribución da CDB.

A Decana intervén para lamentarse que non se entenderán ben as súas palabras, nunca dixo que o acordo da Xunta de Facultade fose unha pataleta. Por suposto que este tema foi tomado moi en serio polo Decanato, o que quixo expresar é que non se lle vai a recoñecer efecto xurídico algún na Vicerreitoría, que o único efecto que vai ter é perxudicial para varias persoas, unha delas precisamente de Dereito Constitucional. O que ten claro é que imos a vivir unha política moi forte de restricción de gastos e que o Vicerreitorado toma a nosa actitude como excusa para non sacar prazas.

Volve a solicitar a palabra a Profesora Almudena Bergareche para expresar que o que quixo deixar claro é que en modo algún se pode considerar que o acordo de Xunta de Facultade é unha pataleta.

A Decana volve a insistir en que cre que xa quedou suficientemente claro que ela tampouco considerou en ningún momento que o acordo de Xunta de Facultade fose unha pataleta.

Non haberndo máis rogos e preguntas, levántase a sesión sendo as 12.10 horas, do que dou fe como Secretaria

Patricia Valcárcel Fernández